


O IES Marco do Camballón, situado no concello de Vila de Cruces, provincia de Pontevedra, botou a andar no curso 1998-99. Conta aproximadamente cuns 250 alumnas e alumnos, 38 profesoras e profesores, 2 conserxes, unha administrativa e 3 limpadoras, procedentes de diferentes concellos de Galicia.

O concello de Vila de Cruces presenta unha extensión aproximada de 155 km² e 5 435 habitantes (IGE 2016), distribuídos en 28 parroquias:



O centro está situado na saída da vila, en dirección a Lalín, na zona do Camballón.

IES Marco do Camballón



Na actualidade ofértase Educación Secundaria Obrigatoria, dúas modalidades de bacharelato (Ciencias e Tecnoloxía e mais Humanidades e Ciencias sociais), unha Formación Profesional Básica de Servizos administrativos e dous ciclos formativos de grao medio: Soldadura e Caldeirería e Atención a persoas en situación de dependencia.

Á parte das materias establecidas por lei para cada curso, o centro oferta, como materias de libre configuración de centro as seguintes: Regueifa e Improvisación Oral en Verso (2º ESO), Iniciación ao debate I e II (1º e 2º de bacharelato) e Iniciación á Astronomía (1º de bacharelato).

Ademais, temos seccións bilingües con inglés nas materias de Educación física e Matemáticas en distintos cursos.

O centro participa tamén en diversos proxectos como Voz Natura, os Contratos-programa, Plan Proxecta ou o Plambe.

Como servizos complementarios conta con transporte escolar, a cargo das empresas Autocares Mosquera, Lázara e Mª Celia Fondevila Galego; con comedor, do que se ocupa a empresa Restaurante Sala Gradín e con cafetería, a cargo de Patricia Cea.

Ademais, dispoñemos dun servizo de biblioteca con préstamo de libros e material audiovisual para toda a comunidade educativa. A xestión dos contidos está centralizada a través do programa Meiga, que posibilita a consulta do seu fondo en rede. Así mesmo, dispón de varios postos informáticos para uso xeral do alumnado para a consulta de información e a realización de tarefas académicas. Esta biblioteca está intregada no Plambe e tamén se ocupa do club de lectura do centro, denominado Cambaleón.